

ASIGNACIÓN DE GRUPOS AÑO ACADÉMICO 2018/2019

A asignación de grupos para o vindeiro ano académico 2018-2019 farase consonte o seguinte procedemento: **Todo alumnado das Titulacións da Facultade terá que estar dado de alta en Servizos da UDC** (<https://servizos.udc.es>). *O que non realice este trámite non será asignado aos grupos e terá que agardar a despois do inicio das clases.* O estudiantado que por primeira vez se matricule na Universidade da Coruña terá que estar dado de alta en Servizos UDC antes do 1 de setembro de 2018. O alumnado de continuación xa ten este trámite realizado.

Alumnado das Titulacións Grao en ADE, Grao en Economía e Grao en Cc. Empresarias

Neste curso 2018/19 a asignación de alumnos a grupos/horarios desta titulacións realizarase, a principios de Setembro, de maneira automática a través da ferramenta corporativa da UDC: <https://espazos.udc.es>

A asignación farase, por **orde alfabética**, tentando respectar, na medida do posible, a preferencia de franxa horaria elixida por cada alumno, **mañá** ou **tarde**. Para a **elección de preferencia de horario de mañá ou de tarde**, a partir de transcorridas 48 horas despois de realizada a súa matrícula, o alumnado terá que se conectar a <https://espazos.udc.es> (dándose de alta previamente en <https://servizos.udc.es>) e, despois de **seleccionar** o seu **centro**, a través da entrada do menú “**as miñas opcións/preferencia de horario de docencia**”, **seleccionar** a súa **preferencia** de franxa horario de mañá ou de tarde, a preferencia aplicarase ao curso onde teña mais materias ou o mais alto. Os horarios aprobados poden ser consultados na páxina web do centro: <http://www.economicas.udc.es/gl/pag/453/horarios/>. Para a asignación de grupos, o alumnado matriculado ordenarase alfabeticamente segundo o sorteo realizado pola Xunta de Galicia no mes de Febreiro para admisión de alumnado en colexios públicos e concertados de Galicia: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/24326> (este ano o **resultado do sorteo** foi “**ZT**” para o **primeiro apelido** e “**CJ**” para o **segundo**) e respetaranse as súas preferencias mentrás haxa grupos dispoñíbeis.

A **asignación non se efectuará antes do 5 de Setembro**. Unha vez feita a asignación o alumnado poderá ver o resultado do grupo que se lle asignou a <https://espazos.udc.es>.

O alumnado das titulacións plurilingües será asignado aos seguintes grupos:

| ADE - PLURILINGÜE | | ECONOMÍA – PLURILINGÜE | |
|-------------------|---------|------------------------|---------|
| 1º | GADE1A | 1º | GECO1BI |
| 2º | GADE2C | 2º | GECO2AI |
| 3º | GADE3AI | 3º | GECO3AI |
| 4º | GADE4D | - | - |

Alumnado das Titulacións de Simultaneidade: Grao en Ade e Dereito, Grao en Empresarias e Turismo e Grao en Empresarias e Arquitectura Técnica

Este alumnado non pode elixir entre preferencia de mañá ou tardes. Os horarios dos grupos poderán ser consultados na aplicación: <https://xestor.ade.udc.es/horarios/gl/> (sempre e cando se teñan dado previamente de alta en <https://servizos.udc.es>). Os horarios aprobados na Xunta de Facultade poden ser consultados na páxina web do centro: <http://www.economicas.udc.es/gl/pag/453/horarios/>

- O alumnado de **Cc. Empresarias + Turismo e de Cc. Empresarias + Arquitectura Técnica** será asignado ao único grupo dispoñíbel por cada curso.
- O alumnado de **ADE+ Dereito** (cursos 1º a 4º) será asignado de forma aleatoria a un dos grupos A ou B (ambos dous grupos con horario de mañá).

Este alumnado será asignado o **3 de setembro de 2018** e poderá consultar o seu grupo/horario na aplicación: <https://xestor.ade.udc.es/horarios/gl/>. Se non se deu de alta en <https://servizos.udc.es> non se lle asignará grupo e non poderá consultar o seu horario.